

BOLSAS DE COLABORACIÓN CURSO 2019-2020

Estimado Director/a:

O Ministerio de Educación ven de asignar á USC **83** Bolsas de Colaboración para o curso 2019-2020, destinadas a iniciar nas tarefas de investigación ao alumnado do último curso do grao ou segundo ciclo ou primeiro curso de Máster que preste a súa colaboración nun Departamento en réxime de compatibilidade cos seus estudos.

O Consello Social aprobará uns criterios de distribución e asignación de ditas prazas. A tal efecto a USC abre un prazo para que os Departamentos/Institutos de Investigación/Centros Singulares comuniquen o seu interese en recibir bolseiros da antedita convocatoria e o número de bolsas que solicitan. Esta petición debe ser enviada por correo electrónico á dirección csocial@usc.es, cumprimentando o [formulario](#) que se achega, que deberá ser asinado en enviado en formato pdf, antes das **14 horas do día 13 de xuño de 2019**.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Presentación de Solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes rematará ás **14 horas do día 13 de xuño de 2019**.

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a súa colaboración neste proceso.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2019

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación